

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE MARZO DE 2008.

Na Sala de Comisións da Casa do Concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día dez de marzo do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, a concelleira Dna. Carolina Cruz Fernández. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro, que se incorpora á sesión ás 9,08 h.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 06.03.2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día seis de marzo de 2008.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos pola arquitecta técnica municipal así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) PECHES

– **Dna. M^a AMABLE EIBE PIÑEIRO (EXP. 194/2006) segundo solicitude de data 19 de outubro de 2006**, para valla de lonxitude 8 metros de madeira e altura total de 2 metros, en Avda. de Galiza s/n, referencia catastral: 0224105NJ6102S.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Situarse no mesmo lugar que a existente. Todo de acordo ao artigo 55 e 56 do P.X.O.M.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

– **D. JOSÉ M^a VARELA LÓPEZ (EXP. 231/2007) segundo solicitude de data 14 de novembro de 2007**, para peche de 56 metros de lonxitude, de bloque e reixa e altura total de 1 metro, en Morteirado nº 6, referencia catastral: 3008006NJ6130N.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (De acordo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no B.O.P. o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin os remates agudos.

Distará da arista de explanación 7 metros respecto da AC-123 e 2 metros do eixo do serventío, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Observaranse todas as condicións do expediente OT205N2 2007/000160-1 da Delegación Provincial de A Coruña de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

B) OBRAS MAIORES

– **D. CARLOS VÁZQUEZ ARIAS en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (EXP. 239/2007) segundo solicitude de data 30 de novembro de 2007, para retanqueo de L.M.T.A., en San Vitorio s/n.**

O proxecto é aéreo; o único poste a colocar sitúase en ordenanza de S.N.R.

As obras están autorizadas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, expediente OT205M 2008/000006-1, debendo observarse todas as condicións xerais e particulares.

O técnico redactor do proxecto é o enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, de data 06.11.2007, e o técnico director das obras é enxeñeiro técnico industrial D. David Vila Ferradás.

Todos os danos observados na beirarrúa e na vía pública como consecuencia das obras serán reparados polo construtor no prazo máximo de 1 mes unha vez finalizada a obra.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 2 meses.

INCIDENCIA: Faise constar que neste momento, sendo as 9,08 h. incorpórase á sesión a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

3.- ESTUDO DE DETALLE PARA O SINLAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA R/PETEIRO-INSTITUTO, PROMOVIDO POR ANTONIO ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS S.L.: APROBACIÓN INICIAL.

Tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal de data, 12.02.2008 e visto o

informe do secretario da corporación, de data 13.02.08, obrantes no expediente, e tendo en conta así mesmo o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións na R/ do Peteiro - Instituto, promovido por ANTONIO ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS S.L., redactado polos arquitectos D. Álvaro Fernández Carballada, Dna. Beatriz Aneiros Filgueira e D. Pablo M. López Becerra, con data febreiro de 2008, coa seguinte consideración:

O plano nº. A-04, A-05, A-06, non aparece ben definido, pero pola escala e a non existencia de planos de arquitectura, deixarase para o proxecto de edificación a definición dos parámetros de vós, baixocuberta, etc.

2º.- Someter o expediente a exposición pública polo prazo de vinte (20) días a través da correspondente publicación no D.O.G., e nun dos xornais de maior tirada na Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan formular as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas.

3º.- Acordar a suspensión de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para a área determinada no devandito Estudo de Detalle, debendo publicarse o presenta acordo de suspensión no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia, tal como establece o artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE